



XVI TORNEO ABERTO INTERNACIONAL “CONCELLO DE GONDOMAR” DE TENIS DE MESA

17 e 18 de SETEMBRO de 2.016

PAVILLÓN MUNICIPAL DE GONDOMAR

Patrocina : Concellería de Deportes do Concello de Gondomar.

Organiza: AGRUPACIÓN DEPORTIVA VINCICIOS (**A.D.VINCICIOS**)

Día e Horario: **Día 17 de 9:30 a 21 h.** para todas as categorías : Pre-Benxamin, Benxamin, Alevín, Infantil, Xuvenil, Sub 23 e Veterans.

Día 18 de 9:30 a 20 h. Aficionados mixto, absoluta masculina e feminina .

(A competición farase de forma continuada, sen parar ó mediodía e contarán con tempo razoable para poder comer os xogadores-as)

Sistema de Competición:

Sábado, 17

1ª FASE: por grupos e 2ª FASE: Cadros Eliminatorios.

Domingo, 18

Absoluto Masculino:

1ª FASE por Grupos.

2ª FASE: Cadros Eliminatorios (**dous cadros finais, OPEN “A” e “B”**).

Absoluto Feminino e Afecionad@s:

1ª FASE: por grupos e 2ª FASE: Cadro Eliminatorio.

O Xuíz Arbitro será designado pola FGTM.

Os ARBITROS serán os propios xogadores-as, o que non queira arbitrar, daraxelle por perdido o seguinte partido, nas Eliminatorias os eliminados serán os arbitros, as rondas de semifinais e finais serán arbitradas por arbitros designados pola Organización.

Todo os xogador@s deberán ter licenza federativa agas os Aficionados.

INSCRICIÓNS :

A inscrición é gratuita para as categorías federadas o prazo remata o **MARTES, 6 de SETEMBRO de 2016 as 22 horas.** , e de 5 € en rifas para os aficionad@s maiores de 18 anos , os menores gratis e o prazo remata o **XOVES, 15 de SETEMBRO de 2016 as 22 horas, en advincios@gmail.com , co Nome e apelidos e data de nacemento.**

Os Clubs afiliados a Federación Galega cumprimentarán o formulario correspondente a través da web da FGTM (<http://formularios.fgtm.es/>), utilizando a súa clave de acceso.

Os restantes clubs españois e extranxeiros formalizarán a súa inscrición enviando un correo electrónico as direccións seguintes: lasencasas@hotmail.com. e advinciostm@gmail.com ó non estar afiliados a FGTM, deberán facilitar **Nome e apelidos, data de nacemento, nº de licenza e Club o que pertencen.**

Unha proba para que se despute sera necesario a inscrición mínima de 8 xogadores-as, de non chegarse a este mínimo, pode facerse unha proba mixta de esa idade ou pasar a categoría de idade inmediatamente superior a criterio do Xuíz Arbitro.

Non se permitirá a inscrición no mesmo día en máis de unha proba.

Inscrición libre en todas as categorías.

TORNEO do CIRCUITO GALEGO

INFORMACION:

advincios@gmail.com e www.advincios.blogspot.com

Categorías:

- Absoluta masculina (xogadores de calquera idade).
- Absoluta feminina (xogadoras de calquera idade).
- Sub 23 masculino e feminino (xogadores-as nados no 1.994, 95, 96, 97 e 98).
- Xuvenil masculino e feminino (xogadores-as nados no 1.999, 2.000 e 2001).
- Infantil masculino e feminino (xogadores-as nados no 2.002 e 03).
- Alevín masculino e feminino (xogadores-as nados no 2.004 e 05).
- Benxamin masculino e feminino (xogadores-as nados no 2.006 e 07)
- Pre-Benxamin masculino e feminino (xogadores-as nados no 2.008, 09, ...)
- Veterans masculino +40 (xogadores nados antes do 1-1-1.977).
- Veterans masculino +50 (xogadores nados antes do 1-1-1.967)
- Veterans feminino (xogadoras nadas antes do 1-1-1.977)
- Afeccionados mixto (xogadores-as de calquera idade, tamén 2ª galega)

PREMIOS:

TROFEOS para os DOUS primeir@s de cada proba disputada e MEDALLAS para os semifinalistas.

Vicente Pintos Santiago
Presidente da AGRUPACIÓN DEPORTIVA VINCICIOS